



## O Centro Galego de Barcelona acolle a exposición sobre os autores homenaxeados no Día das Letras Galegas

- A presidenta do Parlamento, o conselleiro de Cultura e Educación, e o Presidente da Real Academia Galega participaron no acto inaugural celebrado no Centro Galego, fundado en 1892
- Pilar Rojo rende homenaxe aos galegos de Cataluña
- Participou na entrega da Medalla de Ouro do Centro Galego de Barcelona ao Dr. López-Collazo, neto de galegos e director científico do Instituto de Investigacións Biomédicas do Hospital La Paz.

**Santiago, 31 de outubro de 2014.-** A presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo, inaugurou esta tarde no Centro Galego de Barcelona a mostra "51 páxinas das nosas letras", organizada pola Cámara autonómica coa colaboración da Real Academia Galega e a Xunta para divulgar a traxectoria dos escritores homenaxeados no Día das Letras Galegas, desde a instauración desta celebración, no ano 1963.

O acto contou tamén coa intervención do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta, Xesús Vázquez Abad; do presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero; e do presidente do Centro Galego, Manoel Carrete. Tamén asistiron o vicepresidente da Cámara galega, Miguel Santalices, e maila presidenta do Parlamento de Cataluña, Núria de Gispert.

Na súa intervención, Pilar Rojo subliñou que o traslado da exposición a Barcelona responde a unha invitación cursada polo presidente do Centro Galego, institución que acumula 122 anos de vida (foi fundado en 1892) e que na actualidade está dirixido por un galego de segunda xeración.



Este feito foi destacado por Pilar Rojo, convencida de que “corresponde ás segundas e terceiras xeracións manter a galegitude en lugares como este Centro Galego de Barcelona, de glorioso e rico pasado, alumeado por homes e mulleres que traballaron desinteresadamente, sen máis aliciente que a satisfacción de cultivar os vencellos de unión entre os galegos, pero tamén o de engrandecer a cultura galega”. E citou como exemplo a “valiosa” biblioteca do Centro Galego de Barcelona, á que hoxe se lle entregaron tamén diferentes publicacións editadas polo Parlamento de Galicia.

## **Galegos en Barcelona**

Destacou tamén Rojo Noguera as achegas da comunidade galega asentada en Barcelona (64.000 galegos nesta cidade, 75.000 en Cataluña, segundo datos do INE) que, “desde os seus quefaceres particulares contribuíron e contribúen a facer de Galicia o que hoxe é: unha comunidade aberta e plenamente integrada no contexto español e europeo”.

## **Conselleiro**

Durante a súa intervención, o conselleiro de Cultura e Educación destacou que “esta exposición, cada visitante galego se recoñecerá nalgunha destas páxinas que recollen a historia de cada 17 de maio, como o día máis grande das nosas letras”.

Vázquez Abad engadiu que “nesta exposición tentamos ofrecer unha panorámica do labor realizado por personalidades que reflectiron na súa obra cun proceso de creación a través do noso idioma”. Salientou o responsable do departamento cultural da Xunta que “estes perfís constitúen unha aportación ao redescubrimento de figuras literarias que traballaron coa ferramenta da nosa lingua e baixo a unanimidade do compromiso coa cultura do noso país”.



O conselleiro gabou ao Centro Galego de Barcelona “ polo seu compromiso decidido por manter a identidade galega e proxectala na sociedade catalana”.

## **A exposición**

A exposición está integrada polas Medallas das Letras Galegas, pertencentes á colección de arte do Parlamento, e que son obra do debuxante, pintor e caricaturista Siro López, e do escultor Manuel Ferreiro Badía; reproducen a faciana dos homenaxeados no Día das Letras Galegas.

Complétase a mostra con paneis que dan conta das biografías e as principais obras dos autores. Estes textos foron elaborados por académicos da RAG.

A exposición incorpora, ademais, un vídeo –elaborado pola Xunta– sobre a historia da celebración do Día das Letras Galegas. Inclúe o relato, en primeira persoa, de Don Francisco Fernández del Riego, impulsor da celebración do Día das Letras Galegas, o que lle da un valor especial ao documental, en opinión de Pilar Rojo.

## **Colaboración exemplar**

A presidenta do Parlamento agradeceu a colaboración que o Parlamento atopou na Real Academia Galega e na Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia para poder materializar este proxecto expositivo, que considerou un exemplo de colaboración.

## **Medalla de Ouro do Centro Galego ao investigador López-Collazo**

Previamente, Pilar Rojo participou no acto de entrega da Medalla de Ouro do Centro Galego de Barcelona ao Dr. Eduardo López-Collazo, director científico do Instituto de Investigación Sanitaria do Hospital La Paz, un investigador de prestixio internacional nos ámbitos da oncoloxía e a inmunoloxía. Nado en Cuba e neto de galegos, os Dr. López-Collazo é, en opinión de Pilar Rojo, “un



magnífico exponente da Galicia universal”, “os integrantes da cal constitúen a maior e mellor embaixada que Galicia puidera soñar xamais”.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.